

ABERTO DENDE O 15 DE XANEIRO O PRAZO DO XVIII CONCURSO DE MAQUETAS MILLO VERDE

A Asociación Cultural Millo Verde abre dende hoxe, 15 de xaneiro, e ata o vindeiro 1 de marzo, o prazo de inscrición para o XVIII Concurso de Maquetas Millo Verde, no que se poderá participar con traballos de calquera estilo musical.

No certame poden participar todos os grupos ou solistas con residencia en Galicia que non teñan publicado ningún disco mediante contrato discográfico. Tamén se admiten artistas que editaran singles, EPs ou que participaran en discos recompilatorios.

Os traballos deberán constar de tres cancións de composición propia e, de xeito opcional, dun vídeo ou dunha ligazón ao mesmo. Xunto ao material musical deberá enviarse unha breve reseña biográfica en formato PDF na que se indiquen os compoñentes do grupo, o estilo musical, a procedencia e os concertos realizados, así como o nome, número de teléfono e enderezo electrónico da persoa de contacto. Todo o material deberá remitirse ao enderezo maketas@milloverde.org.

Entre todos os proxectos recibidos, a organización seleccionará dous finalistas que participarán nunha festa-concerto que terá lugar o vindeiro **11 de abril**. Estes finalistas deberán contar cun repertorio propio para directo de, como mínimo, **40 minutos**, e daranse a coñecer tanto na prensa como nas redes sociais do festival. O proxecto gañador decidírase mediante votación do público asistente ao evento.

Establécense dous premios: **200 euros para o segundo finalista e 500 euros para o gañador**, que ademais obterá o dereito a formar parte do cartaz do **XIX Festival Alternativo Millo Verde**, así como a realización dun vídeo resumo da súa participación no festival, que se celebrará os días **21, 22 e 23 de maio** na **Área Recreativa da Praia de Cesantes (Redondela)**.